

Instituto de Educación Secundaria O MOSTEIRÓN

CONCRECIÓN CURRICULAR DO IES O MOSTEIRÓN, PARA O ANO 2021-22

Baseándose na ORDE do 25 de xaneiro de 2022, pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia, o claustro do profesorado do IES O Mosteirón, desenvolve o segundo nivel de concreción curricular para o ano académico 2021-22. Aprobado no claustro do 16 de marzo 2022 e informado o consello escolar o 20 de abril de 2022.

1. PROMOCIÓN NA EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA.

1. Ao finalizar cada un dos cursos da etapa e como consecuencia do proceso de avaliación, o equipo docente da alumna ou do alumno, na sesión de avaliación final, decidirá sobre a súa promoción. A decisión será adoptada de xeito colexiado, atendendo á consecución dos obxectivos, ao grao de adquisición das competencias establecidas e á valoración das medidas que favorezan o progreso da alumna ou do alumno, e tendo en conta os criterios de promoción.

2. O punto 2 do artigo 8 da Orde do 25 de xaneiro de 2022 explica a PROMOCIÓN:

Acadará a promoción dun curso a outro o alumnado que superase as materias ou os ámbitos cursados ou teña avaliación negativa nunha ou dúas materias, considerándose para o cómputo as materias non superadas do propio curso e as de cursos anteriores. Ademais de nos casos anteriores, o equipo docente poderá decidir a promoción dunha alumna ou dun alumno, sempre que se cumpran tamén todas as condicións seguintes:

- a) Que a media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias en que estea matriculada ou matriculado nese ano académico sexa igual ou superior a cinco.
- b) Que o equipo docente considere que a natureza das materias non superadas lle permite seguir con éxito o curso seguinte.
- c) Que o equipo docente considere que ten expectativas favorables de recuperación.
- d) Que o equipo docente considere que a devandita promoción beneficiará a súa evolución académica.

**Instituto de Educación Secundaria
O MOSTEIRÓN**

3- O claustro aproba: Para os efectos do disposto no punto anterior, acadará a promoción dun curso a outro o alumnado que superase as materias ou os ámbitos cursados. **Con dúas materias non superadas do propio curso ou dos anteriores promociónase. Con máis de dúas, e despois de cumprir o requisito a), o equipo docente (por maioría simple e tendo en conta que é unha votación colexiada), tomará a decisión de promoción de acordo ao recollido nos apartados b), c) e d) do punto 2 do artigo 8 da Orde do 25 de xaneiro de 2022.**

2. OBTENCIÓN DO TÍTULO DA ESO

1. Ao finalizar o cuarto curso da etapa e como consecuencia do proceso de avaliación, o equipo docente da alumna ou do alumno, na sesión de avaliación final, decidirá sobre a súa titulación. A decisión será adoptada de xeito colexiado, atendendo á adquisición das competencias establecidas e á consecución dos obxectivos da etapa, sen prexuízo do establecido no artigo 7.2 desta orde, e tendo en conta os criterios de titulación.

2. O punto 2 do artigo 10 da Orde do 25 de xaneiro de 2022 explica a TITULACIÓN:

Obterá o título de graduado en educación secundaria obrigatoria o alumnado que supere todas as materias ou ámbitos cursados. Ademais de no caso anterior, o equipo docente poderá decidir a obtención do título por parte dunha alumna ou dun alumno, sempre que se cumpran tamén todas as condicións seguintes:

a) Que a media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias en que estea matriculada ou matriculado nese ano académico sexa igual ou superior a cinco.

b) Que a xuízo do equipo docente a alumna ou o alumno adquirise as competencias establecidas.

c) Que a xuízo do equipo docente a alumna ou o alumno alcanzase os obxectivos da etapa



**Instituto de Educación Secundaria
O MOSTEIRÓN**

3- O claustro aproba: Para os efectos do disposto no punto anterior, obterá o título de graduado en educación secundaria obrigatoria o alumnado que supere todas as materias ou ámbitos cursados.

Con algunha materia suspensa, e despois de cumprir o requisito a), o equipo docente (por maioría simple e tendo en conta que é unha votación colexiada), tomará a decisión de titulación de acordo ao recollido nos apartados b) e c) do punto 2 do artigo 10 da Orde do 25 de xaneiro de 2022.

**3. OBTENCIÓN DA MATRÍCULA DE HONRA DA EDUCACIÓN SECUNDARIA
OBRIGATORIA**

O claustro aproba: Segundo o artigo 12 da Orde do 25 de xaneiro de 2022, logo da avaliación final do cuarto curso, o alumnado cunha nota media do cuarto curso igual ou superior a nove puntos poderá recibir a mención de matrícula.

En caso de empate para varios alumnos/as terase en conta a nota media do terceiro curso. (Se fose necesario volver desempatar miraríase a nota media do segundo curso).